

INFORMACIÓN PÚBLICA

O Concello instala un sistema de copias de seguridade e dous switches con cargo ao Plan Concellos 2016

Vilagarcía, marzo de 2017.- O Concello de Vilagarcía vén de mellorar os seus sistemas informáticos coa instalación dun sistema de copias de seguridade e dos switches (conmutadores para a interconexión de equipos. O investimento, que suma en total algo máis de 60.000 euros, fíxose con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos 2016 (Plan Concellos) da Deputación de Pontevedra.

No primeiro caso, o da instalación dun sistema de copias de seguridade, a adxudicación fíxose en favor de Ozona Consulting, por importe de 21.207, 91€. No segundo, o dos conmutadores, a empresa adxudicataria foi Periféricos y Memorias de España, SL, por valor de 38.809,00 €.